

**Praza número:** 26/2005

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Profesor/a Asociado/a

**Dedicación:** Parcial P04

**Área de coñecemento:** Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

**Departamento:** Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

**Docencia:** 4052007 Deseño de Sistemas de Información

**Centro:** Facultade de Informática

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

### Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Linguaxes e Sistemas Informáticos, Enxeñaría Telemática, Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

### Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

## II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

### II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta o número de participantes no proxecto docente e/ou no grupo de innovación docente.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: A valoración terá en conta a duración e carácter internacional da estada.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

**Praza número:** 26/2005

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Profesor/a Asociado/a

**Dedicación:** Parcial P04

**Área de coñecemento:** Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

**Departamento:** Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

**Docencia:** 4052007 Deseño de Sistemas de Información

**Centro:** Facultade de Informática

### III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

#### III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coefficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: As publicacións recollidas en bases de datos de referencia, nomeadamente Web of Science (WoS) ou Scopus, recibirán un coeficiente multiplicador dependente do seu índice de impacto. Estes factores de ponderación serán os seguintes:

Índice de impacto Q1: 1,00

Índice de impacto Q2: 0,85

Índice de impacto Q3: 0,70

Índice de impacto Q4: 0,25

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Considerarase lista de referencia a ICORE, e os factores de ponderación serán:

Congreso A\* ou A: 2,5 puntos

Congreso B: 2,0 puntos

Congreso C: 1,5 puntos

O resto de contribucións recibirán 0,5 puntos.

#### III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos.

#### III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

**Praza número:** 26/2005

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Profesor/a Asociado/a

**Dedicación:** Parcial P04

**Área de coñecemento:** Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

**Departamento:** Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

**Docencia:** 4052007 Deseño de Sistemas de Información

**Centro:** Facultade de Informática

#### IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL

A experiencia profesional no ámbito das materias asociadas á convocatoria valorarase con 5 puntos por ano completo.

Na Coruña, a 27 de abril do 2026.

A presidencia da comisión